



ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE MERCADO

Artigo 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO

No uso das facultadas concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, do 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, do 28 de decembro, acorda a imposición e ordenación da Taxa por servizos de mercado.

Artigo 2º. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúen o feito impoñible da Taxa a prestación do servizo de mercado.

Artigo 3º. SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refiren ou artigo 33 da Lei xeral tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas, polos servizos actividades que se detallan na tarifa da taxa.

Artigo 4º. RESPONSABLES

1.- Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º. COTA TRIBUTARIA

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza,

Artigo 6º. BENEFICIOS FISCAIS

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.



Artigo 7º. DEVENGO

1.- Cando se trate de concesións provisionais:

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude de prestación do servizo ou actividade.

2.- Cando se trate de concesións permanentes:

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír o día primeiro de cada un dos períodos naturais de tempo sinalados na tarifa, ou no seu caso, no período que determine a Alcaldía.

Artigo 8º. NORMAS DE XESTION

1.- As cantidades esixibles con arreglo ás tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irredutibles polos períodos de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.

2.- As condicións de uso e disfrute de instalacións dispoñibles otórganse provisionalmente a petición de parte interesada pola Comisión Municipal de Goberno ou o Sr. Alcalde-Presidente, e con carácter permanente a medio de poxa que se celebrará segundo o establecido na normativa legal aplicable á Administración Local.

3.- As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamento fixos regulados neste acordo veñen obrigados a solicitar previamente a correspondente autorización e realizar o depósito previo a que se refire o artigo seguinte.

4.- O encargado do mercado remitirá no primeiro mes de cada exercicio relación de todo-os obrigados ó pago por instalacións fixas, sinalando a súa numeración, destino e cota sinalada, para que tanto a Intervención como a Administración de Rendas poidan computalas cons antecedentes das respectivas oficinas. Remitirá, asemade, mensualmente relación de altas e baixas ocorridas con expresión das datas nas que tiveran lugar.

5.- As persoas interesadas en ocupar postos por día, solicitarano do encargado do mercado, que sinalará o lugar e efectuará o cobro do prezo ó momento da ocupación.

Artigo 9º. INGRESO

O pagamento desta taxa realizarase:

1.- Cando se trate de concesións de novos aproveitamentos, por ingreso directo na Tesourería Municipal, ou onde sinalare o Alcalde-Presidente, pero sempre antes de retirar a correspondente autorización. Este ingreso terá carácter de depósito previo de conformidade co disposto no artigo 47.1 da LHL, quedando elevado a definitivo ó concederse a autorización correspondente.

2.- Tratándose de concesións de aproveitamentos xa prorrogados unha vez incluídos na relación de usuarios, o período de pago en voluntaria será do 1 ó 25 de cada mes; transcorrido



dito prazo producirase paso dos recibos a recadación executiva coas consecuencias legais que determina o Regulamento Xeral de Recadación e o Regulamento do Mercado Municipal.

3 .- Para o uso da cámara frigorífica os interesados mercarán talonarios de tickets, segundo o prezo fixado no anexo desta Ordenanza, nas oficinas de Recadación, ó proceder ó depósito das cubetas na cámara entregárase ó encargado do mercado os tickets correspondentes. O mesmo procedemento empregárase para os vendedores de colleita propia, entregando os mesmos un ticket pola cesta ou caixa ó Encargado.

Artigo 10º. INFRACCIONS E SANCIONS

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

Artigo 11º. NORMA DE XESTION

Formas de emprego:

- Postos fixos, en locais pechados, con emprego permanente.
- Postos fixos, en locais abertos, con emprego permanente.
- Postos por día, nas bancadas xerais.

As persoas ou entidades interesadas na prestación dos servizos que se citan no artigo segundo desta ordenanza, deberán presentar solicitude por escrito na que se detalle o tipo de servizo e o lugar para o que se solicita.

Unha vez autorizada a prestación do servizo entenderase prorrogado mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado, a non ser que se trate de servizos no periódicos.

Cando remate a necesidade do servizo periódico, por cambio de propietario, etc., os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no padrón da taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ó da súa presentación, podendo, no seu caso, prorratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

Artigo 12º CADUCIDADE

As concesións de uso e disfrute de calquera natureza considéranse caducadas, declarándose dispoñibles as instalacións en calquera dos casos seguintes:

- A petición dos interesados
- Mortis causa, salvo disposto no artigo seguinte.
- Por mor do incumprimento polos concesionarios das obrigas de orde sanitaria e das que sinala o texto desta ordenanza e demais disposicións aplicables.
- Por falta de pago de calquera dos dereitos ó Concello debidos por razón da industria que na instalación se exerza, polo retraso en verificalo por espazo de tempo superior a un mes.

Cando transcorran mais de sesenta días en proceder a posta en marcha da industria para a que foi adxudicada unha instalación, ou se suspenda o seu exercicio polo mesmo período de tempo.



Polo incumprimento da calquera das obrigas acordadas ou que se acorden no sucesivo.

Nos casos da letra e) non terá efecto a caducidade da concesión cando se estea ó corrente no pago dos dereitos e non sexa solicitada por outras persoas o emprego das casetas para vendas.

Tanto cando se trate de declarar a caducidade dunha instalación, como cando se pretenda deixala sen efecto, será previo acordo do Concello, visto o informe do Interventor.

Os adxudicatarios que sexan desposuídos dos seus dereitos polo motivos enriba sinalados no terán dereito á indemnización algunha.

O encargado de mercados cando se dean circunstancias que orixinen a caducidade das concesión, comunicarao tan pronto como advirta á Administración de Rendas e a Intervención

Artigo 13º TRANSFERENCIAS

- Por sucesión hereditaria entre padres e fillos, y entre cónxuges.
- Por actos inter vivos.

En ámbolos dous casos con actualización do canon mensual e demais dereitos que se fixan no anexo.

1. - APROBACIÓN DEFINITIVA:

- BOP nº 249 do 23 de marzo de 1999.
-



A N E X O

A.- MERCADO DE MARIN

Tarifa 1ª: Ocupación de posto e locais.

1.- Bancadas laterais, destinadas á venda de peixe fresco:

Números 1 ó 76	13,22 €/mes
Letras D a la H y J a la Ñ	13,22 €/mes

2.- Postos centrais e na entrada do anexo Sur, destinados a carnicería e alimentación:

Números 1 a 30	46,28 €/mes
Letras A e	52,89 €/mes
Letra B	145,44 €/mes
Letra C	51,57 €/mes

3.- Patio norte, adicados ó comercio en xeral:

Números 1, 2, 3 e 9	18,03 €/mes
Números 4 ó 8	13,82 €/mes

4.- Patio Sur, adicado á venda de froitas e legumes:

Postos fixos	13,82 €/mes
Vendedores de excedentes de colleita propia por cesta ou caixa.	0,66 €/cesta-caixa

Tarifa 2ª Cámaras frigoríficas:

1.- Cubeta de peixes ou carne	0,21 €/día
2.- Cubeta de froitas e verduras	0,18 €/día

B.- MERCADO DE SEIXO

Tarifa 3ª: Ocupación

1.- Postos laterais, adicados á alimentación	7,51 €/mes
2.- Bancadas centrais, adicadas ó peixe	3,01 €/mes